

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 10 da Lei 14/86 Xeral de Sanidade, todos teñen os seguintes dereitos con respecto ás distintas Administracións Públicas sanitarias:

- A) A que se lle asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial.
- B) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.
- C) Ao respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade, sen que poida ser discriminado polo súa orixe racial ou étnica, por razón de xénero e orientación sexual, de discapacidade ou de calquera outra circunstancia persoal ou social.
- D) Todas son correctas.

2. Segundo o artigo 4 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal só se poderán recoller para o seu tratamento, así como sometelos a dito tratamento, cando:

- A) Sexan axeitados
- B) Sexan pertinentes
- C) Non sexan excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveron
- D) Todas son correctas

3. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía, son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:

- A) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.
- B) Controlar a acción executiva da Xunta.
- C) Elixir ao vicepresidente da Xunta.
- D) Nomear e cesar aos Conselleiros.

4. Segundo o artigo 62 do Estatuto Marco de Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, o réxime xeral de situacións do persoal estatutario fixo, comprende as seguintes situacións:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- C) Servizos especiais.
- D) Todas son verdadeiras.

5. En que Capítulo do Título I da Constitución Española, recoñécese o dereito á protección da saúde:

- A) Capítulo Primeiro.
- B) Capítulo Segundo.
- C) Capítulo Terceiro.
- D) Capítulo Cuarto.

6. A selección de persoal estatutario temporal recollido no artigo 65 do Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Efectuarase a través de procedementos que permitan a máxima axilidade na selección.
- B) Fundaméntase nos principios de igualdade, mérito, capacidade, competencia e publicidade.
- C) Deben ser negociados previamente na mesa sectorial.
- D) Todas son verdadeiras.

7. O artigo 10 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, establece que en cumprimento do deber de protección:

- A) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba información teórica, suficiente e axeitada en materia preventiva.
- B) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba información práctica, suficiente e axeitada en materia preventiva.
- C) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba formación teórica e práctica, suficiente e axeitada en materia preventiva.
- D) A formación deberá impartirse, sempre que sexa posible, fóra da xornada de traballo.

8. Son competencias do Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 75 da Lei 8/2008 de Sanidade de Galicia:

- A) A definición e establecemento dos obxectivos relativos aos dereitos da cidadanía e a súa comunicación e garantía.
- B) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) A avaliación, en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A aprobación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.

9. O Capítulo Primeiro do Título I da Constitución Española titúlase:

- A) Dos españois e estranxeiros.
- B) Dereitos e liberdades.
- C) Dos principios reitores da política social e económica.
- D) Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais.

10. O Estatuto de Autonomía de Galicia, de cantos artigos consta?

- A) 51.
- B) 53.
- C) 55.
- D) 57.

1. O artigo 8 do Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en relación á reserva para persoas con discapacidade, establece que:

- A) En cada convocatoria reservárase un número de prazas que representen como mínimo o 2 por 100, nun número enteiro, das prazas convocadas, ou porcentaxe que se atope vixente con carácter xeral pola función pública de Galicia.
- B) En cada convocatoria reservárase un número de prazas que representen como mínimo o 5 por 100, nun número enteiro, das prazas convocadas, ou porcentaxe que se atope vixente con carácter xeral pola función pública de Galicia.
- C) Estas prazas deberán ser cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 40 por 100.
- D) Estas prazas deberán ser cubertas entre persoas con discapacidades de grao igual ou superior ao 50 por 100.

2. Segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, esta:

- A) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento automatizado.
- B) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico de persoas físicas ou xurídicas que os faga susceptibles de tratamento automatizado.
- C) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento.
- D) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento automatizado, e a toda modalidade de uso posterior destes datos.